

A V ASEMBLEA DA FPG APOSTA POR UN PROCESO ABERTO E DECIDIDO DE RECONSTRUCCIÓN ORGÁNICA DA ESQUERDA NACIONALISTA

Reuniuse en Vigo o domingo, 21 de maio, a V Asemblea Nacional da Frente Popular Galega.

Ademais dun profundo debate sobre o sistema organizativo e dunha ampla reflexión sobre o papel da FPG na Galicia de hoxe, o plenario profundizou na análise da situación mundial, europea e no Estado español. Dedicación especial mereceu a valoración, interpretación e búsqueda de alternativas para a situación galega, cun goberno autonómico de nova factura, o do PSOE-BNG, e cun proceso de reforma estatutaria en marcha. Ambos os dous, goberno e proceso de reforma estatutaria que foron catalogados como sumamente insatisfactorios, ante as necesidades e urxencias do pobo e da nación galegas. (Ver documentos BURGA e Ante o proceso autonómico na web da FPG www.frentepopulargalega.org).

O plenario aprobou por unanimidade esta Resolución que indica o sentir da FPG:

“Resolución sobre Reconstrucción Orgánica da Esquerda Nacionalista

O plenario da V Asemblea Nacional da Frente Popular Galega, reunido en Vigo, a 21 de maio de 2006, outorga mandato expreso e urxe ó novo Comité Central do partido, a poñer en marcha todas as iniciativas que se consideren necesarias para promover os máis amplos acordos con todas aquelas persoas, colectivos e organizacións interesados nun proceso de Reconstrucción Orgánica da Esquerda Nacionalista.

Este proceso, que sen dúbida requirirá esforzos dialécticos e a superación de toda sorte de actitudes sectarias, deberá producir froitos efectivos a curto prazo e nunca máis alá do mandato do actual goberno autonómico.

A FPG está disposta a pasar a un total segundo plano, e mesmo ó sacrificio das súas siglas se iso fose considerado imprescindible no proceso de reconstrucción; mentres, seguiremos aportando o noso esforzo militante para que o pobo de Galicia, as súas clases traballadoras, contén cunha alternativa clara de liberación nacional e de emancipación total.”

Finalmente procedeuse á elección de Secretario Xeral, cargo que recae en quen xa viña sendo portavoz nacional, o concelleiro de Cangas, Mariano Abalo. Elixíronse tamén outras seis persoas que, coa representación de localidades e comarcas, conformarán o novo Comité Central.

Algunhas tarefas para a FPG

Recuperar e organizar a esquerda en Galicia, superando a deriva do BNG, articular unha esquerda radical en Galicia, inexistente nestes momentos máis alá da FPG. Unha esquerda que en Galicia ten que reclamar o exercicio do dereito de autodeterminación nacional: independentista, solidaria, internacionalista. Transformadora.

Intervención institucional.

A FPG debe tomar moi en serio a participación electoral e estudar posibles mecanismos para o acceso ás institucións. Hoxe en día, a actividade política, entendida como interacción entre a mobilización social e o traballo nos organismos representativos case non é posible ou resulta moi pouco eficaz desde fóra das institucións. Procurarase establecer os máis amplos acordos para que a esquerda ocupe espazos e lugares nos concellos e nos parlamentos.

No momento político que estamos a vivir cómpre actuar dun xeito moito máis capaz e dinámico do que se leva feito até agora.

A nosa capacidade de intervención será maior se somos quen de superar o anquilosamento e comprender que non debemos seguir actuando como meros francotiradores.

Hoxe en día a contradición principal, no político, está escenificada no confronto entre o binomio gubernamental autonómico, PSOE-BNG, e a dereita reaccionaria do PP. Isto obríganos a actuar dun xeito máis intelixente: axudando, dunha banda, a derrotar as posicións fascistas do PP e, doutra, erguendo unha política progresista e de esquerdas que impida unha liña continuista da Xunta. Esta segunda proposta debemos intentar que xermine acompañada do que debería ser unha recuperación do nacionalismo histórico de esquerdas. E debémolo entender tanto na clave frontista que sempre defendemos, como na imprescindible necesidade de enfrontar as políticas reformistas con todos os apoios posibles e necesarios, sen descartar ningún tipo de alianza, mesmo de carácter institucional, abrindo o abano político até onde cheguen os acordos a prol da nación e das clases traballadoras.

Sería fundamental que estes acordos fosen artellados por todos os sectores sociais, culturais, sindicais, ecoloxistas, políticos, e distintos colectivos e persoas individuais comprometidos co país. Non debemos cometer o erro de pretender ser hexemónicos nesta reorientación imprescindible da política galega, pulando, iso si, cos nosos mellores esforzos de elaboración teórica e práctica, pero tendo claro que, para que esta proposta sexa exitosa, temos que respaldala desde o convencemento de que resultan imprescindibles as directrices, presenza e protagonismo de todos os colectivos, de todos os homes e mulleres que desde sempre xogaron e poden ter aínda un papel decisivo para non seren aplastados pola maquinaria neoliberal, antigalega e antisocial.

Cómpre, ademais, ter en conta que desde o momento en que se abre a negociación política entre o goberno español e ETA (ver posicionamento sobre a tregua en www.frentepopulargalega.org), atopámonos cunha situación política que vai propiciar a aparición de novas formas de intervir en política, e un novo marco que vai obrigar a definir formas de actuación a nivel estatal probablemente diferentes ás que se viñan dando. En calquera caso, debemos telo ben presente para non quedar fóra de sitio, defendendo sempre as posicións nacionais e de clase propias da nosa actuación histórica.

Algunhas notas do relatorio político:

Galicia, nación excluída. Unha loita anticolonial

Exclusión social, económica e cultural

Ese é o futuro (e boa parte do presente) que lle está reservado a Galicia no actual marco xurídico e político español e europeo. Unha *rexión* sen capacidade produtiva dedicada maioritariamente ó sector dos servizos. Parece que nun atlas nazi de xeografía económica proxectado cara ó futuro, Galicia estaba rotulada con esta palabra: *Kartofeln*, “patacas”. Cara a iso camiñamos, aínda que nin sequera temos un futuro asegurado como produtores de tubérculos.

Galicia vive un momento de transición aparentemente tranquilo pero en realidade traumático. O sector primario, a base histórica da súa economía, tende á desaparición. Nel perviven amplas marxes de produción de subsistencia que non atopa desenvolvemento nin transformación, que non atopa futuro. A realidade está cruzada polo despoboamento das zonas rurais e mais pola emigración interior (ao sector dos servizos das áreas urbanas) ou exterior. Os procesos de modernización da nosa agricultura e gandería foron truncados violentamente pola guerra civil e os seus efectos, e non hai ningún plan para a actualización e o desenvolvemento dunha base económica fundamental para o noso futuro.

Todo iso integrado nas políticas da Unión Europea converten Galicia nun ermo a futuro, nun territorio destinado ó traballo asalariado en condicións que poidan competir con outras áreas europeas (baixos salarios, dispersión, fragmentación, etc.), sen industria, sen capacidade produtiva. Toda política de investimento público segue a pasar pola construción de autovías, trens de alta velocidade e infraestruturas que non servirán para nada se non hai actividades económicas que as fagan útiles. Son a versión contemporánea do peor das políticas clientelares, das que só saen beneficiadas as grandes corporacións ás que se lles conceden esas obras.

Desde o punto de vista cultural e lingüístico, o que ocorre é un reflexo da base material que leva a Galicia ao ermo. A subalternidade como norma. Ese despoboamento ten continuidade no proceso de perda de falantes, na perda de transmisión lingüística dunha xeración a outra. As causas desa creba na transmisión son as que nos teñen que dar a clave para unha política lingüística (e cultural) normalizadora. Calquera acción verdadeiramente normalizadora ten que pasar por frear esa tendencia. Restablecer as canles de transmisión é o obxectivo, inmensamente máis importante e urxente ca outras medidas, normalmente importadas doutras comunidades con estruturas sociais ben diferentes.

Un proxecto republicano

Por que a independencia? Porque só ela permitirá un proxecto global de nación non sometida ó deserto. Ese proxecto cristaliza na nosa idea da República Galega. Nese sentido, *o noso proxecto non é nacionalista, senón republicano e independentista. Un proxecto no que as clases populares sexan protagonistas e non unha idea esencialista e espiritual de nación transcendente. É a nación que queremos construír o que interesa, a república dos desexos de liberdade e de progreso dun pobo que non precisa de ninguén que lle marque como destino a viaxe a ningures.*

Porque Galicia, contra toda aparencia, non está morta. *O treito de resistencia popular iniciado coas loitas contra a LOU e que ten continuidade nas loitas antiglobalización,*

nas folgas xerais e no movemento Nunca Máis, fálanos dun proxecto —aínda difuso, espontáneo— de nación que desexa autoorganizarse, non diferir a súa capacidade de decisión, organizar o seu futuro a partir dos seus propios recursos. Este treito de resistencia só é comparable á cadea de mobilizacións: Castrelo de Miño (1966), Alzamento Universitario (xaneiro de 1968) e acontecementos de Ferrol e Folga Xeral en Vigo (1972) co seu acompañamento represivo.

Respecto a esa secuencia de accións de masa anti-LOU, antiglobalización e Nunca Máis, só a instrumentalización polo reformismo foi quen de deter —temporalmente— esa enxurrada de resistencia que podía chegar a albiscar a cristalización dun novo poder constituínte; cando menos a formalizar o proxecto e a articular os instrumentos adecuados. Non foi a represión nin a resposta do estado quen conseguiu deter o proceso, senón a instrumentalización dunha organización política, o BNG, que teimou por desposuír esa multitude do poder que empezaba a adiviñar —nas asembleas, na rúa, na autoorganización que foi capaz de impedir a entrada da maré negra na ría da Arousa, á marxe do Estado, contra o Estado— e en reconducir a súa forza vital ás estreitísimas marxes da participación institucional no sistema de representación.

Fin da Era Fraga

A continuidade histórica das mobilizacións desmente o tópico segundo o cal Galicia é o paradigma da submisión. Todo o contrario. É precisamente esa continuidade histórica a que consegue en xuño do 2005 remover o inmenso penedo que se debruzaba sobre o noso presente e sobre o futuro desta nación. A derrota de Fraga Iribarne nas eleccións autonómicas é un triunfo dos sectores máis conscientes e combativos de Galicia, que levaban anos protagonizando o abrollar desa consciencia que tantas veces parece durmida.

Errarán o PSOE e mais o BNG se na súa andaina de goberno de coalición se rexen pola falsa idea de que foron eles os protagonistas da derrota do vello ministro franquista. Non hai outro protagonista máis ca esa múltiple vangarda dun pobo que non podía resistir máis tempo aquela situación.

A FPG, antes das devanditas eleccións, en coherencia coa súa posición durante os longos anos de imperio de Fraga Iribarne en Galicia, defendeu unha fronte ampla de toda a esquerda para proceder ao derrubamento do vello fascista e do seu goberno. Esa proposta asumíuna implicitamente, pola vía dos feitos, o pobo galego, aínda que os intereses particulares das dúas organizacións que hoxe fan parte do Goberno impedise un triunfo contundente, que deixaría o PP ferido de morte durante moito tempo.

A FPG ante o novo goberno da Xunta de Galicia

A intención da FPG non foi nin é, parece escusado dicilo, participar no goberno da Xunta de Galicia. As nosas aspiracións son outras, transcenden o actual marco xurídico e político ao que Galicia está sometida sen dereito a decidir cales son os vieiros que desexa transitar. Nós somos republicanos, dispoñémonos á conquista dunha República Galega, democrática, dos traballadores e traballadoras. Mais non por iso evitamos na medida das nosas posibilidades actuar politicamente aló onde a nosa terra e tempo nolo esixen.

Por esa razón, a FPG elaborou e presentou a **Batería de Urxencias para a Rexeneración de Galicia (BURGA)**, unha proposta de 16 medidas de urxencia esixibles a un goberno que se di de esquerda e con importante compoñente nacionalista. Esa tería que ser a primeira resposta do novo goberno da Xunta de Galicia aos desexos

de mudanza expresados pola maioría social do pobo galego nas urnas no pasado mes de xuño.

Mais en todo este tempo, e vai xa case para un ano, o novo goberno da Xunta de Galicia estivo máis pendente de compasar os diferentes ritmos das dúas organizacións que o conforman que de executar un programa de reformas que empezase a cubrir as expectativas sociais. Aspectos cruciais para o futuro de Galicia seguen ocultos tras unha nebulosa de accións máis simbólicas ca efectivas.

Os nosos sectores económicos básicos, a lingua galega, a rexeneración administrativa, unha nova política territorial, a reforma da lei electoral, a loita contra todas as formas de clientelismo, a sanidade pública, a comunicación coa sociedade, unha política cultural que atenda ás estruturas e ao desenvolvemento dos nosos universos simbólicos, unha política de esquerda para a maioría social (o proletariado, as clases populares), etc., son só algunhas das eivas que aínda amosa este goberno da Xunta que segue a dar sinais de precariedade.

Que Estatuto?

Defendemos que toda reforma estatutaria ten que pasar polo recoñecemento do pobo galego como suxeito político soberano e da nación galega na súa integridade territorial.. Se a cuestión é, como parece asumir o BNG no seu proxecto, unha simple reforma de competencias, estreita por riba, seguiremos a profundar na situación de dependencia e a asumir ademais que no mellor dos casos a nosa capacidade soberana está profundamente tutelada, cando non suprimida de facto.

Reformar o Estatuto sen alterar o marco xurídico-político é hipotecar o futuro para décadas, lexitimar co propio apoio un modelo que nin nós desexamos nin garante un futuro de liberdade para Galicia, senón unha perenne dependencia, a subalternidade para sempre.

O camiño que leva o proceso de reforma estatutaria conducirá á frustración das esperanzas dunha Galicia con capacidade real de decidir sobre todas as cuestións que afectan ás nosas vidas. E a frustración é o xerme da desmobilización.

A posible reforma territorial do Estado español ten que implicar necesariamente unha ruptura democrática que non se produciu cando a morte do ditador. **Esa transformación do modelo territorial equivale a un momento constituínte e, por tanto, require como mínimo unha reforma constitucional que orixine o recoñecemento dos dereitos dos pobos catalán, vasco e galego, incluído o dereito esencial de autodeterminación.**

Cando Cataluña e o País Vasco, de diferentes maneiras, están sometendo a debate tal posibilidade, Galicia debера xerar un proxecto propio de reforma estatutaria que contribuíse a acumular forzas na perspectiva da conquista do dereito a decidir. Outramente, todo o proceso é apenas unha acción propagandística que se cadra outorgue rendas electorais a curto prazo mais de escasa profundidade real.